

Rusia e as súas “irmáns menores”: as raíces da “irmandade” e a realidade independente

Alexis B. Romanov

As decisións na política son adoptadas por persoas e non poden deixar de ser influenciadas polas súas opinións subxectivas ou pola opinión pública, que non sempre se basean en coñecementos da realidade senón que parten de ideas e visións preconcebidas e tradicionais. Neste artigo trataremos algúns aspectos ideolóxicos que, na nosa opinión, marcan a actitude de Rusia, a súa poboación e os seus políticos, fronte á independencia das súas irmáns, Bielorrusia e Ucraína.

Cando se desintegrou a Unión Soviética, a diplomacia rusa inventou rapidamente o concepto do “estranxeiro próximo” para denominar ao conxunto de novos estados que ata hai pouco foron repúblicas soviéticas da Unión, porque obviamente se pretendía ter con elas relacións diferentes ás do resto do mundo que, a partir de entón, era o “estranxeiro afastado”. Ante todo, “moi especiais” debían ser as relacións coas nacións da mesma familia lingüística (máis exacto, do mesmo grupo de linguas eslavas orientais): Ucraína e Bielorrusia.

O concepto do “estranxeiro próximo” non incluía aos países do Báltico (Lituania, Letonia, Estonia), a pesar de que formaran parte do Imperio ruso (Letonia, Estonia, dende comezos do século XVIII; Lituania desde 1795, xunto con Bielorrusia) con anterioridade a partes importantes de Ucraína occidental (Galitsia Oriental, 1939, Bucovina do Norte e o sur de Besarabia, 1940, Transcarpatia, 1944). Talvez tanto respecto pola vontade soberana deses pobos (que nunca se deixaron assimilar e mantiveron ben patente o seu “feito diferencial” dentro da URSS) débese á circunstancia de que, ao igual cá Finlandia, despois da I Guerra Mundial, demostraron a súa capacidade para existir como estados soberanos recoñecidos pola comunidade internacional.

Os esforzos independentistas de Bielorrusia e Ucraína tamén culminaron na proclamación dos seus estados nacionais, pero non tiveron suficiente solidez para resistir a guerra civil e a intervención da Rusia soviética. No seus territorios controlados polo Exército Vermello creáronse as repúblicas soviéticas de Ucraína e Bielorrusia que, a finais de 1922, formaron a Unión Soviética xunto coa Federación Rusa e a Federación de Transcaucasia (as repúblicas soviéticas de Xeorxia, Armenia e Acerbaixán creadas a raíz do esmagamento das respectivas “repúblicas burguesas”).

Os primeiros anos da Unión Soviética, presentada en termos teóricos e entendida por moitas persoas no mundo como a unión lóxica e natural das repúblicas nacionais onde o proletariado colleu o poder, deu lugar a un impresionante desenvolvemento cultural no antano oprimida periferia nacional do imperio (é dicir, non rusa). Entre outras cousas, produciuse a “ucranización” e “bielorrización” de to-

das as esferas da vida da sociedade nas respectivas repúblicas, que suporía o uso extenso das linguas nacionais, comezando pola ensinanza e terminando coa ciencia, administración e produción, a promoción de cadros de orixe "vernácula" a cargos directivos, etc.

Non obstante, o desenvolvemento nacional de Ucraína e Bielorrusia foi considerado como demasiado perigoso polo centro dirixente en Moscova, que desatou represalias, xeralmente baixo acusacións falsas de colaboración con réximes fascistas, contra as persoas que se dedicaban en serio á causa do desenvolvemento nacional. Perderon a súa vida moitas personalidades da cultura, escritores, poetas, científicos. Foron reprimidas as linguas: para facelas máis parecidas ao ruso, foron revisadas as regras de ortografía, os dicionarios, das bibliotecas e eliminaron libros que non correspondían aos novos conceptos rusificadores.

Foi daquela, nos anos trinta, cando reapareceu a idea dunha especial misión de Rusia: inicialmente, polo rol do proletariado ruso como pioneiro da revolución mundial, durante a II Guerra Mundial, a propaganda soviética xa divulgaba unha imaxe do pobo ruso como salvador universal: contra Genghis Khan, Napoleón, o Imperio Otomán, Hitler, etc. Despois da guerra fíxose unha ampla campaña para demostrar a prioridade rusa en practicamente todos os ámbitos do progreso técnico y científico. Ideoloxicamente, a URSS converteuse na continuadora de todo o progresista de Rusia. A existencia doutras nacións que a poboaban comezaba a valer desde o momento da súa incorporación a Rusia e as conquistas tratábanse como "liberacións", "asociacións voluntarias", etc. O recoñecemento da igualdade ía acompañado polo recoñecemento da primacía de Rusia entre iguais.

Curiosamente Rusia foi a primeira entre todas (descontando Lituania) en proclamar a súa soberanía fronte á URSS (12/06/1991). O feito non só se debía á rivalidade entre o daquela presidente de Rusia, Boris Ieltsin, e o presidente da URSS, Mijaíl Gorbachov. Sendo en moitos sentidos identificada coa Unión, a Federación Rusa de feito carecía de importantes elementos estruturais propios de todas as demais repúblicas soviéticas. Por exemplo, non tiña un Ministerio do Interior (na República exercía as súas funcións o correspondente Ministerio da Unión), a súa propia estrutura do Partido Comunista ao nivel da república (as organizacións de provincia dependían directamente do Comité Central do PCUS, mentres que outras repúblicas tiñan o seu propio comité central). Por unha banda, eran deficiencias estruturais, pero non menoscababan nin en feitos nin en termos da conciencia social, o papel de Rusia como o piar central da URSS. Por outra banda, tamén alimentaba a visión mesiánica: "liberámoslos (alimentámoslos, protexémoslos) e nin sequera temos o que teñen eles...".

A visión de que os rusos tiveron que liberar (alimentar, protexer) ao seus irmáns, débese á versión da xénese dos pobos eslavos orientais, formada polo réxime tsarista e inculcada a xeracións de rusos (e non rusos) a través de establecemento da ensinanza a todos os niveis e medios.

En poucas palabras, podemos explicar a evolución desta crenza: as asociacións de tribos de eslavos orientais uníronse nos séculos IX-X no Estado de Rus de Kiev. No século XII, desmembreouse en varios principados, que non lograron facer fronte á agresión dos líderes mongois e pasaron a depender deles, mentres que as terras occidentais do antigo Rus de Kiev foron incorporadas ao Gran Ducado de Lituania. En medio do xugo mongol, a partir do século XIII, comezouse a erixir o Principado de Moscova, converténdose no centro político da reunificación de todas as terras rusas. Iván III foi o primeiro gran príncipe de Moscova que, para o seu reinado, non pediu *yarlik* (poder escrito) ao khan mongol, proclamouse co título de César (tsar) como sucesor de Bizancio.

Baixo Iván IV O Terrible, no século XVI, o Principado de Moscova continuou a súa expansión incorporando terras rusas do antigo Rus ao seu occidente que estiveron baixo o dominio mongol ou polaco-lituano. Foi entón cando tomou o nome de Reino de Rusia. Tamén conquistou os canatos de Cazán e Astrakhán, converténdose dende entón nun estado multinacional. Despois de gañar a saída ao mar Báltico, constituíuse como imperio en 1721. Con todo, os territorios occidentais do antigo Rus de Kiev incorporáronse a finais do século XVIII, a raíz da última partición do Estado polaco, pero alí desde o século XIV, xa se formaran as novas etnias de ucráinos e bielorrusos.

A interpretación ideolóxica deste transcurso pídese soa: o estado de todos os eslavos orientais coa capital en Kiev tivo a súa continuación no Estado de Moscova, que sempre tentou liberar aos seus irmáns que baixo o dominio de polacos e lituanos, convertéronse en ucráinos e bielorrusos, coas súas linguas respectivas, tendo a mesma raíz étnica e lingüística. É dicir, senón houbera o dominio e a opresión polaco-lituana, todos serían agora rusos, e sendo produto de opresión estranxeira, os ucráinos e bielorrusos teñen deficiencias no seu desenvolvemento: nunca tiveron o seu propio estado, o seu sistema de educación, tiveron o seu desenvolvemento cultural reducido basicamente ao folclore, etc.

O Principado de Kiev apenas tiña un grao de consolidación suficiente para poder falar da súa poboación como unha etnia única. Tampouco é sostible a probabilidade dunha unidade lingüística naquela época sobre un territorio tan extenso, ademais non se entende por que a antiga lingua rusa baixo o dominio "polaco-lituano" se converteu en dúas linguas: a ucráina e a bielorrusa.

Moitas veces, cando en bielorruso (натхненне) e ucráino (натхнення) as palabras coinciden e son similares ao polaco (*natchnienie*), no ruso existe unha palabra de raíz distinta (вдохновение), que coincide co búlgaro (вдъхновение), o último obsérvase menos no caudal léxico da linguaxe cotiá e máis nos estilos cultos. O feito débese á influencia do antigo eslavo (eclesiástico), que se creou para divulgar o Evanxeo entre os eslavos sobre a base da linguaxe dos búlgaros codificado polos monxes gregos Cirilo e Metodio. Dado que as linguas dos eslavos entón se diferenciaban pouco, era entendida en toda a área eslava e serviu de forma universal como primeira lingua escrita para todos ata o século XI. Mentres que en outras nacións

eslavas foi substituída polas linguas nacionais vivas, en Moscova seguiu usándose como única lingua escrita e oficial. Incluso o autor da primeira gramática rusa (1757), o científico universal de importancia internacional Lomonósov, sostíña que o eslavo eclesiástico era o estilo máis elevado do ruso.

Exploracións do arqueólogo ruso V. Sedov⁽¹⁾ realizados ao longo de decenios poñen de manifesto que a peculiaridade da etnia bielorrusa está marcada pola presenza de moitos elementos conxuntos cos veciños baltos que lle permite falar dunha simbiose eslavo-báltica. Tamén recalca que as características diferenciais da lingua bielorrusa víanse en documentos anteriores á incorporación desas terras ao Gran Ducado de Lituania.

Segundo a versión rusa, os príncipes lituanos apoderáronse das terras rusas occidentais, cando Rus veuse debilitada pola invasión tártara, e as someteron a unha opresión nacional e relixiosa. Os príncipes gobernantes non eran obviamente eslavos, pero o feito de que desde o seus inicios o Ducado situábase en Bielorrusia (a primeira capital Novogorodok e a conseguinte Wilna situábanse no territorio étnico de Bielorrusia), que a súa lingua oficial ata 1696 era o bielorruso antigo (mentres que os primeiros monumentos escritos do lituano apareceron no século XVI e fóra do territorio do Ducado), o predominio da poboación eslava dan moitas razóns aos investigadores que consideran que o Gran Ducado de Lituania era, de feito, un Estado bielorruso (que ata o século XIX se autodenominaban *licwiny*=lituanos).

O primeiro libro na área eslava oriental imprimiuse no Ducado (en Bielorrusia) e 40 anos máis tarde imprimiuse o primeiro libro ruso por I. Fédorov, quen pronto tivo que abandonar Moscova, perseguido pola Igrexa, e continuou as súas actividades en Bielorrusia e Ucraína. Non só no ámbito de impresión de libros quedaba Rusia-Moscova detrás das súas irmáns. Desde 1632 en Kiev funcionaba un dos máis antigos centros de ensinanza superior de importancia para toda Europa Oriental ortodoxa, *Collegium Kijovense Mohileanum*, que acollía a estudantes de moitos países, entre eles Rusia, Serbia, Moldova, Grecia e Bulgaria.

Toda esta confusión lingüística disólvese facilmente se se observa o desenvolvemento histórico sen buscar argumentos para fundamentar a grandeza de Moscova. O Rus de Kiev formábase como asociación de principados de eslavos orientais e non abarcaba o territorio de Moscova, poboado por tribos ugrofinesas. En Rus, á parte de Kiev, observábase outros dous centros políticos e de consolidación étnica: Polatsak e Novgorod, que claramente correspondían a tres gallas: os actuais ucraínos, bielorrusos e rusos.

O historiador bielorruso Nasievic⁽²⁾ propón unha versión da formación das etnias eslavas orientais sumamente plausible, porque trata de integrar todos os factores que inflúen na formación dunha nación. Á parte dos condicionantes materiais,

(1) СЕДОВ В. В.: *О происхождении белорусов*, вп Древности Белоруссии, Материалы конференции по археологии Белоруссии и смежных территорий, Наука і тэхніка, Мінск 1966, pp301-309.

(2) *Белоруссия и россия: общества и государства* (редактор-составитель Д.Е.Фурман), Издательство "Права человека", Москва 1998, pp11-30.

obxectivos, tales como a orixe racial, tribal, a comunidade lingüística, intereses políticos e militares que se derivan da situación xeopolítica, etc, propón non desprezar o rol dunha idea consolidada, referíndose con razón aos fundadores do marxismo, para quen unha idea convertíase nunha forza material cando se apoderaba das masas. Para Nasievic, o Principado de Moscova é o cuarto centro de consolidación na área eslava oriental. Non parecía ter moito substrato eslavo e carecía de antecedentes históricos, pero no momento do seu auxe, a idea de "recuperación de todas as terras rusas" calou facilmente no solo fértil da sociedade moscovita e abandeirou a expansión de Moscova tanto cara o Oeste (onde estaban os irmáns ortodoxos oprimidos) como ao Leste (onde estaban os inimigos da ortodoxia). Para o resto do área eslava oriental, as dúas ideas consolidadas (a "lituana", é dicir, a do desenvolvemento do Ducado europeo que entón estendíase dende o mar Báltico ata o mar Negro, e a "panrusa", baseada no pasado de Rus de Kiev), segundo Nasievic, "levaban un carácter meramente defensivo, conservador e, polo tanto, non podían resultar no nacemento dunha nova etnia, como sucedía en Rusia, unida pola ofensiva idea imperial ("Moscova é a terceira Roma")⁽³⁾.

Como en realidade tratábase de crear un novo imperio baixo o nome de Rusia, chega a comprenderse como as devastadoras guerras por liberar as terras de Rus occidental podían acompañarse de matanzas dos "liberados" (durante as guerras de Iván O Terrible, Bielorrusia perdeu a metade da súa poboación), ou a crueldade das expedicións punitivas de Moscova contra Novgorod, o berce da etnia rusa. Cando os irmáns ucráinos e bielorrusos víronse baixo a bizantina agüa bicéfala do imperio ruso, no século XIX, convertéronse en rexións "Suroeste" e "Noroeste" e se lles prohibiu o uso das súas propias linguas.

"A Rusia de Moscova, ao crear un Estado potente, foi a primeira en usurpar como autodenominación o metaénonimo de "Rus", común para todos os eslavos orientais. No sucesivo dificultou fortemente a autoidentificación nacional dos ucráinos e bielorrusos, quen por costume chamábanse "rusos", "rutenios" e non se daban conta que durante moito tempo no Estado de Moscova xa se lles atribuíu un sentido absolutamente novo"⁽⁴⁾.

Despois da desintegración da Unión Soviética, os novos Estados independentes tiveron que conseguir a real independencia, dado que co único complexo de economía nacional que se creara no réxime soviético, ningunha das repúblicas tiña a súa propia economía nacional: calquera produto final estaba composto, en máis de dous terzos, por elementos provenientes doutras repúblicas. Debido ao alto grao de centralización na URSS, as novas repúblicas carecían de cadros con experiencia adecuada de xestión económica e administrativa. Tiveron que construír as súas relacións exteriores "desde cero", igualmente carecendo de cadros e experiencias así como de estrutura. Todos os bens da URSS

(3) Ibidem.

(4) Ibidem.

no estranxeiro quedarán na Federación Rusa como pago por asumir a débeda exterior da Unión. De modo que o mundo seguía tratando con Moscova, vendo os outros estados emerxentes como 11 incógnitas de cal fa ser o seu papel como actores na política internacional.

Neste contexto, tanto Ucraína como Bielorrusia, fronte á necesidade de construír todo un edificio do seu propio Estado nacional, víanse tentados a caer de novo “nos brazos de Moscova”, tratando de reanimar os habituais lazos con Rusia e non ver que o fracaso da URSS debíase á inviabilidade económica e política daquelas relacións. A Rusia lle convida a conservar ao máximo posible a súa influencia neses países e a tese da “comunidade de raíces dos tres pobos irmáns” volveu ser explotada indiscriminadamente nos medios rusos, mentres que calquera intento por redescubrir a verdade sobre a identidade nacional dos ucrainos e bielorrusos era presentado como inventos nacionalistas, como tentativas de branquear aos presuntos colaboradores nazis e denigrar a amizade entre os pobos, como vulneración dos dereitos dos rusofalantes. Precisamente este continxente de poboación de fala rusa, emigrantes que se afastaron das súas raíces étnicas sen se aproximar á cultura das repúblicas da súa nova residencia, sentiuse desprotexido coa desaparición da URSS e fíxose preso da propaganda rusa “en defensa dos dereitos dos rusos no exterior”.

Bielorrusia

Foi en Bielorrusia onde os presidentes e xefes de goberno das tres repúblicas eslavas asinaron, o 8 de decembro de 1991, un acordo que proclamaba que a URSS deixaba de existir como “suxeito do dereito internacional e da realidade xeopolítica”. Non obstante, esta república non tivo moita sorte coa realización do seu proxecto de independencia nacional. Desde os anos 1930 foi para Moscova un campo de experimentación para unha rusificación total. A pesar de declaracións oficiais a favor do desenvolvemento da cultura nacional, nas repúblicas soviéticas aplicábase a política de restrición do uso de linguas nacionais: sostíñase que non era necesario que funcionasen en todas as esferas da vida da sociedade, xa que o vehículo universal de comunicación entre todas as etnias era o ruso. Os fillos de inmigrantes e militares “liberábanse” do estudo da lingua e literatura da nación titular da república. En Bielorrusia esta “liberación” fíxose total, o cal tivo como resultado a desaparición de escolas bielorrusas: a mediados dos anos 1970, nas cidades bielorrusas case un 98 % de todos os escolares asistían a escolas rusas.

A baixa autoconciencia nacional dos autóctonos (aínda que representaban máis dun 80% da súa poboación) e a alta presenza de ex-militares, hostís a toda manifestación nacional, fixeron posible a elección en 1994 de Alexander Lukashenka como presidente, quen desmantelou todo o que podía servir á reconstrución nacional do país. Introduciu a cooficialidade do idioma ruso, restableceu todos os símbolos da república soviética de Bielorrusia (só quitando o martelo e a foice) e impuxo un

réxime que, pola oposición política bielorrusa e a opinión pública occidental, é frecuentemente caracterizado como a "última ditadura en Europa".

Moitos representantes non só da oposición senón tamén da cultura nacional tiveron que emigrar, entre eles o internacionalmente famoso escritor Vasil Bykam, así como foi pechado o único liceo bielorruso na capital, tivo que se trasladar ao estranxeiro a privada Universidade Humanitaria, tamén de tendencia nacional. Lukashenka endureceu as leis sobre organizacións políticas e medios, o que permitiu dificultar o funcionamento legal da oposición, construíu a chamada "vertical do poder" que impide o traballo nos órganos estatais de persoas que se dedican a actividades de oposición. O presidente intervéñ arbitrariamente en todas as esferas da vida da sociedade que, ademais, están controladas polo Comité da Seguridade do Estado, unha estrutura que practicamente non sufriu cambios desde a época soviética. En 1996, despois dun referendo que ampliou os seus poderes, Lukashenka formou un novo parlamento, a Asemblea Popular de dúas cámaras, nomeando para a cámara baixa 110 dos 385 deputados elixidos en 1995, quen amosaron a súa lealdade. A maioría de países do mundo non recoñeceron a legalidade deste novo parlamento.

Aquel mesmo ano, Lukashenka cumpriu unha das súas promesas electorais máis importantes: o acercamento a Rusia ata a reunificación. O 2 de abril de 1997 foi creada a Unión de Rusia e Bielorrusia sobre a base da Comunidade de Rusianà, formada un ano antes para unificar o espazo humanitario, económico e militar. O 25 de decembro de 1998 asináronse unha serie de acordos sobre unha maior integración no ámbito político, económico e social. A Unión pasou a chamarse oficialmente o Estado de Unión de Rusia e Bielorrusia. Suporíase que ía ter unha constitución e lexislación, un presidente, parlamento e goberno, unha soa moeda, un exército, documentos de identidade, etc.

Non obstante, 10 anos despois da unión realizada por iniciativa de Lukashenka, non se rexistran progresos. A integración non avanzou moito máis alá da eliminación da fronteira aduaneira entre os dous estados e unha cooperación estreita no campo militar. Ata agora, non se chegou nin a un proxecto de acta constitucional do Estado unido nin a un acordo sobre a forma da súa adopción. Segundo a parte bielorrusa, o seu interese consiste en crear con Rusia unha asociación potente, máis estreita cá Unión Europea, con todo nin sequera se plasmou en realidade o acordo sobre a unidade monetaria única do 30 de novembro de 2000, segundo o cal o rublo ruso debía ser a divisa única desde 2005.

A idea do Estado unitario calou cando para o presidente bielorruso Lukashenka existía unha posibilidade de substituír ao presidente Ieltsin no Kremlin. A situación mudou radicalmente coa chegada ao poder de Vladimir Putin no 2000. A unión permitiu a Rusia ampliar a súa posición xeopolítica ata a fronteira oriental da Unión Europea, grazas á estreita cooperación na esfera militar, quizais a única que tivo éxito en todo o proxecto ruso-bielorruso. Máis integración non parece actualmente ser de interese para Rusia, polo que o illamento internacio-

nal do réxime autoritario de Lukashenka deixouno de feito eliminado como actor da política internacional.

A elite burocrática de Bielorrusia, a pesar da súas simpatías prorrusas, sabe que perderá o seu poder e moitos privilexios porque a república converterase nunha rexión periférica en dependencia de Moscova. É un punto ben importante: tanto Lukashenka como o actual primeiro ministro ucráino Viktor Yanukovich, aproveitando os ánimos da poboación –ben numerosa (emigrantes atraídos a novos centros industriais, militares retirados)– que baixo o réxime soviético non necesitaban achegarse á lingua e cultura do seu entorno de existencia nin podían conservar a súa propia lingua e cultura de orixe, aínda burlándose do “vernáculo”, non queren perder a independencia dos novos estados nacionais onde sentiron o sabor do poder soberano.

Ucráína

Aínda que tiña un grao de conciencia nacional moito maior e un uso máis estendido da súa lingua, Ucraína tivo que afrontar problemas similares aos de Bielorussia nos primeiros anos da independencia, pero unha presenza militar moito maior (tropas estratéxicas, Mariña do mar Negro, industria da Defensa), unha considerable comunidade rusa (preto de 18%) complicaban o seu divorcio do centro.

A ruptura dos habituais lazos económicos provocou unha crise profunda e prolongada da economía. Aínda que proclamou a súa neutralidade, tivo que alugar a Rusia o porto militar de Sebastopol, onde se atopa o Estado Maior da Mariña do mar Negro.

Ao igual ca en Bielorrusia, en 1994 foi elixido presidente un político que se apoiaba na comunidade rusofalante (proviña do sector da industria militar) e promecía conseguir a cooficialidade do ruso e estreitar os lazos con Moscova. Pero, a diferenza de Lukashenka, quen nin sequera soubo ler o seu xuramento en bielorruso, o daquela presidente ucráino Leonid Kuchma aprendeu o idioma, abandonou a consigna de cooficialidade do ruso e tentou aplicar unha política “multivectorial”, desenvolvendo relacións tanto con Rusia como coa Unión Europea e EUA, sen lle dar preferencia a ningunha das contrapartidas.

Difícilmente podería dicirse que con esa política conseguise algo concreto, se ben, como contrapartida, si se lograron evitar conflitos graves. A diferenza doutros países posoviéticos, Ucraína obtivo a súa Constitución en 1996, unha base lexislativa amplamente harmonizada coa lexislación europea, a sociedade acostumouse a vivir no marco legal do Estado ucráino, a lingua ucráina impúxose sen restricións en todo o ámbito oficial e a todos os niveis. Incluso os que inicialmente amosábanse adversarios da independencia, reconciliáronse coa realidade. Kuchma escribiu un libro cun título un pouco inxenuo pero significativo: *Ucraína non é Rusia*. É o que entendeu o mundo e os escépticos dentro do país: Ucraína non é parte de Rusia, ten

a súa propia identidade e o seu futuro independente, a pesar de todas as incongruencias e ambigüidades da política ucraína.

Durante o goberno de Kuchma foi creado o GUAM (Xeorxia, Ucraína, Acerbaixán e Moldova), un acordo dos estados posoviéticos que manifestaban a súa orientación a estruturas europeas e internacionais, a diferenza da CEI. Os países membros pretendían obter maior independencia económica e enerxética de Rusia así como en cuestións de seguridade. En 2001, o acordo obtivo o estatus dunha organización rexional pero comezou a funcionar de verdade en 2005, despois da Revolución Laranxa, que levou ao poder ao presidente proccidental Viktor Yúschenko.

A pesar das simpatías que o seu opoñente, o entón primeiro ministro Yanukovich, recibiu oficial e mediaticamente dende Moscova, este perdeu as presidenciais e volveu ser xefe de goberno, ao lograr unha maioría no parlamento ucraíno. Non obstante, non se produciu un maior achegamento a Rusia, nin tampouco se lle outorgou a cooficialidade ao ruso, porque os intereses económicos do grupo industrial do leste de Ucraína, con predominio da poboación rusofalante (no só rusos senón tamén doutra orixe étnica non ruso), que apoiaran a Yanukovich, estaban protexidos obxectivamente pola independencia de Ucraína. Unha maior penetración do capital ruso poñeríao en perigo, de modo que a "carta rusa" xógase xeralmente durante campañas electorais e por iso co goberno de Yanukovich tampouco se avanzou no sentido da integración, que fora o obxectivo da Comunidade de Estados Independentes (CEI), e menos aínda dunha unión estatal do tipo da que existe con Bielorrusia. Só se observou certo arrefriamento das relacións con Europa e EUA.

Tampouco se evitaron situacións conflitivas nas relacións ucraíno-rusas. Chegouse a unha agudización en cuestións relativas ao estatus das bases da Mariña rusa no mar Negro e os seus bens. Ata 1991, o mar Negro fora sumamente importante para proxectar o poderío naval de Rusia ao mar Mediterráneo, o Atlántico sur e o océano Indico. Actualmente, Rusia quedouse cun anaco do litoral do mar Negro e coa promesa de retirar as súas naves e tropas de Crimea no 2017.

Este é un asunto delicado para Ucraína, non só porque debido a súa neutralidade non pode ter tropas estranxeiras no seu territorio, senón porque durante a división da Mariña non se fixo coa minuciosidade debida á separación de bens, dando lugar a situacións conflitivas. Outro factor ten que ver conque a cidade de Sebastopol, durante a época soviética absolutamente pechada pola base naval, e cos seus case 400 mil habitantes, está totalmente ligada á Mariña e "á gloria dos mariños rusos", segundo din unha canción popular, e é un factor de peso na "cuestión da minoría rusa" que é hiperbolizada con demasiada frecuencia nos medios rusos.

De xeito non oficial, cuestiónase a soberanía de Ucraína sobre a península, presentándose o seu traspaso da Federación Rusa como un "agasallo" de Khrushchev para o 300 aniversario da reunificación de Ucraína con Rusia, que se celebraba en 1954, a súa vez que se silencia o traspaso de territorios ucraínos a Rusia, sen mencionar a rusificación de rexións cosacas con millóns de persoas que falaban o ucraíno e que, ata os anos 1930, tiñan escolas coa súa lingua materna.

Sen esaxeración ningunha, pódese dicir que o problema da "discriminación" da poboación rusa ou rusofalante foi inventado artificialmente, en todo caso, é unha das políticas do réxime soviético que favoreceu a propagación do idioma ruso e encarreiraba fluxos de emigrantes cara ás rexións e repúblicas, coa finalidade de diminuír a porcentaxe da poboación autóctona grazas a emigrantes rusofalantes. A porcentaxe de escolas secundarias con ensinanza en ruso en Ucraína (42,7%) supera considerablemente a porcentaxe da poboación rusofalante, isto sen contar as escolas bilingües e o feito de que o ruso se estuda en todas as escolas de secundaria e máis da metade dos estudantes universitarios reciben formación en ruso. As existencias de libros en bibliotecas de máis dun 60 por cento está en ruso, en canto á impresión de libros, a situación é moito máis desfavorable para os que len en ucraíno: libros impresos nesta lingua non chegan nin a un cuarto da tiraxe total en Ucraína.

En cambio, os máis de catro millóns de ucraínos en Rusia só poden atopar apoio para as súas necesidades nacionais nunhas noventa organizacións sociais en Moscova; unhas dúas funcionan en cada unha das rexións de maior inmigración laboral ucraína, as repúblicas Kómi e Yakútia, rexións Krasnodár (antiga zona cosaca), Krasnoyársk e Primórie, provincias de Magadán, Múrmansk, Novosibírsk, Sakhalín e Tiumén. As vinte publicacións periódicas en ucraíno non contan con ningún apoio do poder público e teñen unha divulgación moi limitada. Emisións pola radio ou a televisión en ucraíno non existen. Sobra dicir que en Ucraína non só se ten en todas partes acceso ás canles de televisión de Rusia, senón que as emisións en ruso da televisión e da radio ocupan moito espazo, as edicións periódicas centrais teñen as súas versións en ruso.

A diferenza esencial entre as asociacións de ucraínos en Rusia e os rusos en Ucraína consiste en que os primeiros buscan manter contactos coa patria, conservar e desenvolver o uso da lingua materna e o estudo da cultura ucraína. En cambio, os rusos non teñen a necesidade de se asociar en Ucraína para defender os seus intereses socioculturais, as súas asociacións están ideoloxizadas e politizadas e, moitas veces, opóñense á recuperación da cultura ucraína, defendendo o seu dereito, inculcado pola propaganda soviética, de que non necesitaban coñecer a cultura e a lingua da república en que vivían.

Esta actitude, lamentablemente común entre os rusofalantes de Ucraína, non favorece o establecemento de relacións en pé de igualdade entre Rusia e Ucraína. Por outra banda, a unha gran parte dos ucraínos fáltalles aínda posuír conciencia nacional, conservándose un certo complexo de inferioridade fronte a Rusia, o cal é reforzado pola persistente dependencia de fontes de enerxía e materia prima de Rusia. Neste contexto esquécese que o exemplo de Ucraína no proceso de recuperación da independencia nacional e estatal dá moito que envejar a todas as demais repúblicas posoviéticas: é o único que transcorreu sen maiores enfrontamentos nin derramamento de sangue, o cal pode ser visto como unha mostra de madurez da sociedade ucraína.

Mentres, Rusia presentou demasiadas mostras de inestabilidade interior e incerteza como para se erixir nunha irmá maior e protectora de menores. Basta mencionar o bombardeo ordenado por Ieltsin do seu propio Parlamento en 1993, unha guerra a gran escala contra unha rexión rebelde (Chechenia), o crack financeiro de 1998, etc.

O cambio de visión e o establecemento de relacións en pé de igualdade son necesarios tamén para arranxar a base de todas as relacións: o ámbito económico, porque tanto Rusia –o centro do imperio desaparecido– como as repúblicas emerxentes son vítimas da estrutura económica que resultou ser inviable. Por exemplo, a industria de construción de aeronaves recibe ata un 70% dos seus compoñentes fabricados e un 95% de materiais, mentres que Rusia reduciu a extracción de petróleo, entre outras cousas, pola falta de capacidades de refinerías, e Ucraína, tendo capacidades para refinar 80 millóns de toneladas, apenas as ocupa a un 10%⁽⁵⁾. Xeralmente, fálase da dependencia económica de Ucraína, aínda que a través deste país se transportan case 40 millóns de toneladas de mercancías rusas e case a metade delas se despachan polos portos marítimos ucraínos.

Parece evidente que os tres países, Rusia, Ucraína e Bielorrusia, poden construír as súas relacións en pé de igualdade como países europeos. Para iso débese esquecer a equivocada visión dunha “fraternidade especial” que, sen ter moito fundamento histórico, presuntamente implica un carácter especial de relaciones de Rusia con Ucraína e Bielorrusia. O mito da unidade fraternal e a misión liberadora e protectora de Moscova resultou ser produtivo para construír un imperio que amalgamou moitas etnias e, incluso, foi duradeiro a pesar dos cambios radicais no país (do imperio tsarista ao réxime soviético), pero vese inviable despois de máis dun decenio e medio da vida independente das “irmáns menores” e, incluso, obstaculiza a colaboración entre elas.

Alexis B. Romanov é investigador independente e candidato a doutor en Historia pola Universidade T. Shevchenko de Kiev (1986). Anteriormente foi colaborador científico da Academia de Ciencias de Ucraína (1982 a 1987 e 2003 a 2005).

(5) КОСИКОВА Л.: *Производственное сотрудничество России с Украиной: тенденции и противоречия*, Российский экономический журнал, Москва 2001, nº10, pp72-73.